

C

GALICIA
ESTUDIOS GALLEGOS

A BIDA LABRADORA

por

Rodrigo Sanz



EDITORIAL CATALANA, S. A.
Paseo de Gracia, 62 -Barcelona



iPP

Difzel estudio da bida labradora gallega. —

Falarei do que menos mal conoza referente á nosa terra... E digo *menos mal* porque pasa no conozer coma no ber: que si mal se ben as cousas moi arredadas de ún, mal tamen as moi apegadas e que ban con ún. Sabido é que *se conozare* é o mais outo do conozer (como qui é o que Deus fai); e conozéremos o noso país non ten pouco de conozérese ún, porque a terra orde nazimos e da que medramos non é menos pra nos que pra unha árbore: *o noso medío...*; y en dizindo *noso* xa dizimos algo de nos mesmos... ¡O! Si soupéramos ben de Galliza os gallegos, e de sí cada unha rexión, y os españoles todos d'España, non podía sere que non estibésemos *fazendo xa* o que cada rexión y o que toda España perzisan de cada un de nos, que tanto queremos e que tan pouco sabemos terlle amor ó noso país...

Eu, nestes asuntos do labradorío gallego, algo me teño exerxitado, non por estudio nos libros, mais si nas cousas e na realidá. Porque despoxio do insino ofizial en Santiago, teño cursado catro anos d'insino libre — asina direi — nos balles, nabas e montes da nosa terra, daprendendo cómo eran e cómo estaban os labregos... Moitas mañás, con catro ou cinco ami-

gos, teño pillado o tren, ou o coche ou automóbe, e despois a besta doze ou quinze quilómitres máis, e logo o carreiro a pé outros zinco ou sete... por tomare unha *leución de cousas* e por m'infirmare da bida aldeana po-los aldeanos mesmos en catro ou zinco horas de compañía antes e despois dun mitin n'unha orta, nun monte, nun souto. E moitas noites tenme atopado o alborear dos días de bran, ou collido, o frio das madrugadas d'inberno, escribindo no papel os datos de bezindarios, cultibos, terras de alleo, ganando en parzería, seguro, emigración, escolas, camiños, presuposto munizipal e caziquismo... e percurando d'entendé-los males y as causas, e d'atopá-las trazas dos remedios, non segúrn rezeta de Dinamarca, Oulanda ou Suiza, sinon segúrn as iban traballosumente apuntando aqueles datos da realidá ouserbada por mí...

Pero ben catibos son os datos que un ome solo pode xuntar na terra nosa. Pra seren *estadísticos* e tienen balor berdadeiro, teñen de recollérense en Galliza *por duzias a ouserbadores a un tempo*, e mais ben experimentados. Porque a nosa terra, non sólo colle catro probinzas con 29.150 quilómitres en cuadro, si non que sustenta a bon seguro 350.000 casas labregas de non menos que seis persoas cada unha. Y estes bezindarios, que suman mais de dous millós de almas, biben non solo nos arrabaldes das nosas bilas e ziudás y en caseríos bilengos astra o número de 670 agrupaziós urbanas, sinon, despois, espallados po-las beigas, rías e montes do noso chan, fazendo zinco

partes de seis de toda a nosa xente e familia... Pasan de tres milleiros as parroquias dos nosos 453 amentos; e falo por parroquias porqu'elas son a verdadeira e real unidá de bezindario (ou *topodemográfica* como din) en canto que on sal da bila on da ziudá; y elles an ser algún dia o natural e lóxico fundamento da ministrazión e goberno bexiñal.

E non temos en Galliza, non, boas estadísticas de cuase que nada do tocante ó noso labradorío, e nin boas nin malas de zen ~~coñecidas~~ perzisas pra poder dizer que o conozemos...

Quen o ben fazendo. — Mais po-lo menos, ainda que sin aquel afino zentífico que a todo conozemento dan o número y a medida, o caso é que temos ido difrenziando e formulando e xungindo por relaziós e por causas, as custiós y os probremas da gallega bida labrador; y *esto con berdá segura e zerta, porque quen ben fazendo ese labor non é sinon o labrego mesmo nas suas asanbreias agrarias do 1908 acó.*

Belaí do que quero falar un anaquiño por cabeza destes folletiños de propaganda das nosas causas entre nos. Porqu'esas Asanbreias teñen sido e teñen de segire sindo o esforzo meritíssimo da nosa cras labrador por *se conozere* (o gran traballo y o maior intento do conozer), e mais porque do qui elles dixerón nas concrusiós suas, ei fazer, Dios diante, o asunto de mais folletos que o presente, que penso de compoñer en gallego tamén.

Xa falei das Asanbreias e dalgún dos seus tra-

llos en Madri, confrenziando na *Casa de Galliza*, na *Casa do Pobo* e no *Ateneio*. Xa escribín sobre do mesmo na r bista *Estudios Gallegos*, tam n de Madri. Fai ben pouco bolb n a falar no Ateneio de Barzelona. Y agora quero dizer as mesmas y outras cousas n'unhas cartilli as que poidan chegaren  s recunchos da nosa aldea, e seren lidas por omes e mulleres y escoitadas por bellos, mozos e nenos.

Que as  mo pidiron, que as  mo mandaron... e mais as  mo pide o senso e manda o curaz n.

O xurdimento agrario gallego. — Dend'os anos 1906 e 1907 ben se notando e se acusando en Galliza un mobimento xeneral de xuntanza dos labregos en sozied s de defensa e mellora da sua bida.

Sozied s pra seguro do gando, parroqui as e peque iras, eran xa moi conozidas, tradicion s p dese dizer, e tam n moi simas en toda a terra das catro probin as. Antes de 1906, tanpouco faltaran alg s ca os, rati os e sin resultado as mais beze s, de asoziaz s labregas pra defensa contra malos repartos de consumos, ou contra abusos dos amos de terras, ou de suforistas e negoziantes en foros, ou tam n, algunha ocasi n, pra benderen en com n algunha produ ion especial, como bi o en Baldeorras on zebola na Crun a. Pero o qui    con car ute de xeneralid  *por todo o pa s* e de defensa e mellora *do b bigo labrego intiero...* non oublo no chan gallego un xurdimento de organiz zation, craro e patente, astra eses anos de 1906, 1907.

O porqu  foi daquela non o saber a eu ben dizir,

nin tanpouco intresa maiormente. O feito é que daquela pasou coma un Abril d'ideias e d'intentos polo espirto da nosa xente labradora, un Abril que, igual que o do ano, a todas partes chegou quasi que a un tempo. Y o qu'intresa dizir e saber, é que os que trouxeron esas ideias e lebantaron esos intentos foron moitos y umildes, moitos non se sabe quén, en labore de cada dia, parolando nas feiras, e de camiño, e no adro tras da misa o día santo, e nas leiras os de traballo a tempo de merendare...; porque foron os zentos e milleiros d'emigrados bolbidos que biran en América outra libertá y outro modo de bibir e traballar, e que daló trouxeran algús aforros pra bibir de seu e na sua casa. Estes aportaron as rebeldías con que s'atreber y os capitaliños con que tentar a mellora da sua aldeia... Os mobedores da redención dos nosos aldeanos non teñen sido, non, nin teñen de ser outros si non os aldeanos mesmos, aqueles que dan bolta en firme e mercan terras, ou aqueles que ban e bólben por campañas durante a boa edá e que aló en América forman sin falta soziedás de proteuzión da comarca natiba sua pra dotalas d'escolas antes de nada...

Maxinai o seu número e maxinai a sua obra; pois ben podemos dizer que, tan solo de repatriados en firme, non ai recuncho en Galliza, anque non chege a 50 beziños, onde non axa un ou douis cando menos.

O seu caraute. — O xurdimento presentouse, xanos mesmos comenzos, con douis carís: *político y económico-sozial*: político — ou de ciudadanía, mellor

diziremos — por condición perzisa; y económico-sozial por ideia e sustanza.

Non era posibre a mellora económica sin asoziazión; mais tanpouco a asoziazión era posibre sin loita aberta cō caziquismo local, porque éste, no seu istinto de que as asoziazións labregas tíñano de matar (e pior canto mais económicas, pois él do económico bibe, y a política non é para él máis que un negocio) trataba de matalas él primeiro, ou as non deixaba nazeren siquera. Por esto tiña que ser político o mobimento no seu mesmo comenzo: por condición.

E mais por esto limitouse o políctico dél a unha ideia: anticaziquismo local, e a duas apicaziós: conquista do aunteamento a botos, e deixamento do Xusgado munizipal por un Xurado no seo das soziedás prazanxá-las entrecadenzas de serbidumes, augas, comunidás, ezetra. Aunteamento e Xusgado: esas eran as duas fontes d'auga conrompida qu'enbenenaban a bida beziñal: eses eran tamén os dous castelos do caziquismo nos campos gallegos. Ambos a dous foi conqueirando y anbas a duas foi saneando o noso labrego nos dez anos que ban dend'aquela.

Mais no económico estaba y económico era o mais fondo porqué y o mais lonxeiro para que do mobimento. Craro que non principió nin podía principiar con tadas ideias debuxadas e con toda-las aspiraziós definidas a que tiña de chegar cando tibera organización sindical. Tales ideias y aspiraziós forman de seu unha escada, onde non é posibre distinguir siquera os pasos altos cando s'enpeza a subire... Así foi que o mobi-

mento xurdeu somentes con estas duas empresas económico-soziás: unha alibiá-los consumos e remedía-las tremendasinxustizias deles, principiando pola fundamental de pagar máis quen ten mais filliños e mais carga na casa; outra alibiá-los foros e remedía-las suas pragas de laudemios, apeos e retrautos. A primeira empresa tivo un esforzo parecido nas catro probinças, y a segunda foi máis esforzada nas de Pontebedra y Ourense por causa dos cultibos seus, e na de Pontebedra tivo nazenzia por causa da moita familia sua e do consiguiente grande balor e tráfico das terras, que fai alí sentir moito máis o pesadume do foro, ou das cousas do foro.

Estas fono as bandeiras, as políticas y as económicas, con que se presentou o mobimento... Perziso lle foi axitar antes as primeiras, as de condición como dixen. Perziso lle foi escomenzar aloitando polos dreitos polsticos de reunión, d'asoziación, d'imprensa, que un por un foi litigando e fazéndose reconozer pola autoridá. Perziso lle foi, sobre de todo, pelear pola funzión eleitoral en elezioni municipás, cuyas malas mañas caziquiles tivo que dixerir a inbalidar unha por unha. E por eso dixerón os diarios politiqueiros de 1908 e 1909 — en Galiza y en Madrí — que o mobimento era *político*, que as nosas soziedás agrarias eran *instrumentos políticos*. Mais o chocante e inespri-cabre pra os que así o creron de boa fe, era non ato-paren o bando político a quen as soziedás serbián ou se arrimaban. E como esto era unha charada on dibiñanza tan difizel para os zegatos d'entendimento, sur-

teu despois e foi acollida a bersión caziquil de seren soziedás *anarquistas* e fora da lei... astra que se beu patente, inda po-los mais zegos, que cabaliñamente as soziedás non usaban nin querfan usaren de mais arma que a lei na mín...

Tardou, tardou a xente un decatárese que aquelo era un feito ou fanómeno sozial nobo, non bisto ainda en Galliza.

O seu organo d'orientacion. — Mais esta axitación e ferbedura de primeiras, este caos y enbolta que todo principio ten, tibo tamén, coma o do mundo, un airiño ordeador que soprou sobre das augas turbi-das. Digo que tibo (e mais axiña por grande fertuna) aquel organo de ordeazón que abia mester e que deu de sí sin tardanza o mobimento mesmo.

Era lóxico. A espirencia estábase fazendo de que loitar cô caziquismo local era posibre, pois bñiase aloitando e non sin froito nin en balde. Daquela, sendo posibre a condición, tíñase de pensar na sustanzia, tíñase xa d'orientá-la auzión económico-sozial, debía xa de xurdir a función de decatamento da bida labrega buscando, atopando e póndose diante os probremas realistas, un por un, de fomento e mellora desa bida.

E non dizirei po-los seus pasos contados cómo foi, porque tanpouco intresa grande cousa. Mais o caso é qu'en Agosto do 1908 axuntouse en Monforte unha Asanbreira de representantes de soziedás labregas das catro probinzas, xestionada principalmente, en faena sin descanso, por un puñado de amantes da nosa terra

que onze meses antes formaran na Cruña y en Monforte duas pequeneiras asoziazíos chamadas *Centros sólidos*, que non eran labregas sinon de bila, pero que formáranse para axudaren e defenderen ás labregas nas suas reclamaziós y aspiraziós.

Esa primeira Asanbreia foi de 67 elementos ou indibídos. Tivo 41 concrusiós; e delas, somentes catro foron referentes á custión política ou de ciudadanía, y as outras 37 trataron de obra económico-sozial.

Ela misma acordou a segunda para o seguinte ano, en Agosto tamén; mais non puido ser po-los sozesos nazionás do mes de Santiago do ano 9, e béuse a celebrare en Agosto do 10, en Monforte tamén. Formárona 83 elementos e formulou 43 concrusiós, ningunha delas adicada á auzión política, todas á económica ou sozial.

Esta segunda acordou zelebrá-la terzeira en Agosto do 11, en Monforte outra bes. Así foi, con xuntanza de 110 elementos que formularon 45 *grupos de concrusiós* (algús con tres e con cinco), nas que somentes unha referíase á custión política.

A terzeira acordou a cuarta para Ribadabia, e alí se zelebrrou nefuento no mes de Santos do 12. Oxuntou 140 elementos e tivo 39 grupos de concrusiós, unha sola de caráute político, a mesma por certo do ano anterior.

A cuarta acordou a quinta, que se fixo en Ribadabia tamén, no mes de Santos do 13, e congregou más de 150 elementos; pero foi pouco fecunda porque tivo de gastare boa parte das suas sesiós en resistire e

non azetare o caráute de mitin que algúns elementos querian lle daren no canto de Congreso agrario.

A quinta acordou a sesta para Agosto do 14. Tan-poco pudo sere no 14 po-los trastornos que dende o primeiro momento causou a presente gerra mundial ós nosos labregos, debido á parada dos xiros d'América. Béuse a celebrare no 1915, en Redondela, e nela boltouse francamente e sin entrecadenzias ó caráute económico.

Acordouse ali a séptima para o bran do ano 16. E teño entendido que se celebrou, mais que se non imprimaron as concrusiós: eu, po-lo menos, non as teño visto.

Por fin, a outaba (ou séptima si non é que xa fora) tratábase de fazer en Santiago este Maio derradeiro. Oubo que deixala para Outubre por causa das inquietús púbricas de todo o ano; e despois, cós sozesos deste bran, xa nin se pudo pensar nela. Quedou, pois, aprazada y enprazada para o ano 18 que ben, que Dios mellorará os nosos días y os do mundo e nos deixará fazela.

De modo é que o mobimento agrario gallego ten un organo d'orientación *permanente*, porque cada Asanbreia deixa encargo a unha comisión de organizare a do ano seginte, y así se cunpre salbos casos que non son na man dos omes; un organo *enxendrado do mobimento mismo*, po-las soziedás labregas y os seus amigos probados; enxendrado *sin tardanza*, antes de dous anos pódese dizir; un organo *que se manteña fiel á función sua* (non sin algún entropezo, como

queda apuntado), pois deixa ás soziedáis a loita diaria e resérbase o pensamento para esa loita; un organo, en fin, que *foi afinando a sua función*, de tal xeito que xa na terceira Asanbreia (a que mais afondou e penetrou, a meu parecer, no probrema completo da nosa economía rural) quedaron deliñadas *toda-las custiós presentes da bida labrega gallega*, e sinaladas todas las condiziós de atrancos a librar ou de bentaxas a alcanzar para un porbir agrario inmediato da terra nosa.

Duas notiñas más — E ainda non deixen que o ano 14, no canto da que se non pudo celebrare, e mais o ano 15, a par da que se pudo celebrare en Redondela, oubo unhas *Asanbreias probinziás* na Estrada y en Bilagarzía, con actuación ben semellante á das outras. En especial a do 15, que foi en Bilagarzía, recorreu o recolleu temas ben parelllos dos que as *Asanbreias de Monforse* — xa alcumadas así polas tres dos anos 8, 10 e 11 — propuxeran ó estudio e mais á auzión dos bos gallegos... Tal se sinte o mester y ofizio deste organo d'orientación que beñen sindo as asanbreias! Reparade: cando non é seguro, po-lo torso dos tempos, poder axun axuntá-lo como rexional, jaxúntao como probinzial o sentimiento da sua nezidá!

E mais ainda non declarrei cal foi esa *única* concrusión política qu'escribiron as Asanbreias despois da 1.^a... Moitos quererán sabela, y é ben que a saibamos todos. Belaiquí os berbes da 3.^a: «Considerando a

nezesidá, que o bon senso anunzia y a reafidá ten d'impôner algúñ díá, de que as nosas catro probinças mancomuñen as suas iniciativas en cousas de sanidá, benfizenzia, obras púbricas, fnsino agrícola y outras que condizionan a bida labrega gallega en xeneral; a Asanbreia acorda dirixir ás nosas catro Deputaziós probinziás unha mozión pra que o baian fazendo así con sabenza e coido.»

Que son duas notiñas mais pra mellor entendere e esprito das nosas Asanbreias.

A sua sinificazion. — As nosas Asanbreias agrarias teñen sinificado — e teñen de seguir sinificando sopena de non seren nada — *o estudo dos nosos problemas labregos, e non outra cousa*: elas o zelebre, as soziedás o brazo y a man. Y o que queira, sin salir da casa, conozer o mobimento agrario gallego, ben se poderá enterar enterándose do labor das Asanbreias, onde non somentes baise espellando o xa feito, mais tamén debuxando o por fazer, ben coma zelebre con memoria do pasado e figuranza e prebisión do futuro. Zertamente que fora un ingaño pensar que as asanbreias son o principal: craro que non. Mais non será ningún ingaño, sinon a berdá, pensar que son *parte sustancial* do mobimento. Sin soziedás non abería mobimento—escusado dizilo—por falta d'aución coleutiba; pero sin Asanbreias tanpouco, por falta d'ideia sabia y eficás para esa coleutiba aución.

Moito se difrenzian as nosas de tantas outras que temos visto anunciadas nos diarios como autos *sensa-*

zionás de maníficas Federaziós agrarias. Vé por esto: porque as nosas son xenuínas, quero dizer saídas das soziedás mesmas e da mesma entraña do labradorío gallego; e mais porque ó seren xenuínas son traballadoras e tenazes no traballo seu; e mais porque sendo tenazes atopan por fin a berdá y a realidá das custiós; nun berbe, porque non son banidá nin fachenda, sinón esforzo e mazizez...

Ainda non temos en Galliza Federación *rexional* (comarcás eso sí) porque as Asanbreias resistiron a tentación de acordala no papel e quixeron mellor agardar a teren que reconozela como un feito da realidá. Nin son políticos ou señorós os elementos das nosas Asanbreias, destes que toman y usan a representación de soziedás a duzias, para buxina (ou *persona* que dizian os comediantes romanos) da sua sonora vos. Nin tanpouco as nosas concrusiós consisten en zinco ou sete declaraziós de gerra, ou po-la contra de sometimento, a unha medida ou proyeuto dun Ministro..., pois consisten en 40 ou 50 razoadas razós que ban dirixidas, as más, ós labregos mismos, algunas ás xentes das nosas bilas, poucas ó Parlamento, as prezas ó Goberno...

E por esto son as nosas Asanbreias cuasi que non conozidas en España, e ben pouco en Galliza, moito menos do que as debéramos conozer... Porque non cacarezan a sua obra nin chaman un Menistro ou si-quera un Direutor xeneral para as abrir e pechar, nin cansan os diarios con artigos de próusima zelebración,

nin os solizitan despois pra que reseñen os discursos
po-lo aramijo...

Mais non fai falla nada deso: sobra todo eso: es-
torba todo eso: conronpería e mataría todo eso as
nosas Asanbreias, que son un obo cheio e non ún oco...

Xa serán coñozidas. Xa será buscado o que dixeron
y escoitado o que digan... Elas tiberon dende pri-
meiras a zerteira bisión de que somentes conozén-
dose e somentes inquirindo con esforzo do espírito aque-
lo que un é y aquel como un está... alcanzan e com-
prenden e poden resolvé-los omes y os pobos os seus
problemas de melloramento, porque somentes daquela
xurde auzión eficás e posítiba po-la boluntá de fazer
o que xa se sabe qué, cómo, cándo, porqué e para
qué...

Y este *se conozéré* qui é condición de todo adianto,
aberiguada por aqueles grecos xeniales que a escri-
biron na porta do seu tenpro mais sabio coma testa-
mento da sabenza sua... cumplírona y an seguir cun-
plindoa, Dios diante, as nosas Asanbreias agrarias para
ben da Nosa Terra y escote ò ben da nosa España...

Meus amigos, meus irmás gallegos: axudai ás Asan-
breias agrarias, y elas bos axudarán! ¡Seránbos onra
e probeito, probeito e mais onra!

Madrí, Santos do 1917.



REAL ACADEMIA
GALEGA

F 15838